

do 26 de novembro, notificaselle á persoa que a continuación se relaciona, o acordo de paralización de inicio do expediente sancionador instruído pola Delegación Provincial de Sanidade da Coruña, por incumprimento da Lei 14/1986, xeral de sanidade, do 25 abril e o Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor.

Polo que se lle comunica que de acordo co establecido no artigo 4 punto 6º do Real decreto 1398/1993, se procede á paralización do inicio de novas actuacións administrativas en tanto non se resolva outro expediente iniciado contra o interesado.

Expediente sancionador: Secretaría 249/2002.

Denunciado: Manuel Castro Pita.

Derradeiro enderezo coñecido: Coruza, nº 5-B. Neda.

A Coruña, 28 de outubro de 2002.

Mª Blanca García Varela  
Delegada provincial da Coruña

*Resolución do 31 de outubro de 2002, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se comunica a resolución do expediente sancionador Secretaría 69/2002.*

De conformidade co disposto no art. 59.5º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, do 26 de novembro, notificaselle á persoa que a continuación se relaciona a resolución do expediente sancionador instruído pola Delegación Provincial de Sanidade da Coruña, por incumprimento da Lei 14/1986, xeral de sanidade, do 25 abril, e o Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor.

A partir do día seguinte ó da publicación deste acordo, segundo o disposto nos arts. 114 e 115 da devandita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, dispón do prazo dun mes para presentar recurso de alzada ante o conselleiro de Sanidade.

Expediente sancionador Secretaría 69/2002.

Denunciado: *Andrés Goraliza e Hijos, S.L.*

Último enderezo coñecido: San Vicente de Paúl, 17. A Coruña.

Cualificación da infracción: leve.

Importe da sanción: noventa euros con quince céntimos.

A Coruña, 31 de outubro de 2002.

Mª Blanca García Varela  
Delegada provincial da Coruña

## b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

### CONCELLO DE BETANZOS

*Anuncio.*

A Comisión de Goberno, en sesión do 8 de outubro de 2002, acordou aprobar inicialmente o proxecto de urbanización da unidade de execución integral UEI-1b, sita na rúa da Cruz Verde, tramitado por Carmen Crespo Pereiro, o que se fai público por espazo dun mes desde o día seguinte ó desta publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto no artigo 44.3º da Lei 7/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia, para os efectos das posibles alegacións que se consideren procedentes. O expediente queda de manifesto, durante o prazo sinalado no Servicio de Urbanismo deste concello.

Betanzos, 13 de novembro de 2002.

Manuel Lagares Pérez  
Alcalde

### CONCELLO DE BUEU

*Anuncio de exposición pública.*

Aprobado inicialmente por acordo do Pleno deste concello, do 9-12-2002, o expediente de modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento municipal destinado a conseguir unha nova ordenación da Unidade de Actuación (UA) coñecida como Parcela Massó, delimitada polas rúas de Montero Ríos, Eduardo Vincenti, Pazos Fontenla e Xoán Carballeira, sométese a información pública polo prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da aparición deste anuncio no último dos boletíns ou xornais nos que deba ser publicado (BOP, DOG e *Diario de Pontevedra*).

Durante o dito prazo o expediente atoparase á disposición dos interesados para que poidan examinalo e presenta-las alegacións que teñan por pertinentes.

Bueu, 9 de decembro de 2002.

Tomás Barreiro Sotelo  
Alcalde

### CONCELLO DE CULLEREDO

*Anuncio.*

A Comisión de Goberno en sesión de data 5-12-2002 acordou:

1. Aprobar con carácter inicial o estudo de detalle da UA 29 delimitada no PXOU promovido pola sociedade *Servicios Inmobiliarios Tremon, S.L.* propietaria dos terreos e redactado polo arquitecto Santiago González García.